



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DÍA 14 DE DECEMBRO DE 2015.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día catorce de decembro de dous mil quince; a unha e cuarto do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro, Dona Maria López Touza e Don Javier Iglesias Sendín.-

Está presente o Secretario-Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado sete de decembro de dous mil quince (ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

OUTORGAMENTO LICENCIA DE OBRAS RIB/N/85.2/14.-

*Visto o escrito presentado por **Dona Concepción Leboso Gómez**, con domicilio na rúa Menéndez Pelayo nº 3, 2ªA, Vigo, onde solicita Licenza de Obras para remodelación de vivenda unifamiliar sita no Seixo A Praza nº 66, Santo André de Camporedondo, segundo o proxecto básico e de execución redactado polo arquitecto Don José Luis Rapela Pérez.*

Consta informe favorable da Arquitecta municipal de data 14 de decembro de 2015.

Consta resolución da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de data 27/11/2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Conceder licencia a **Dona Concepción Leboso Gómez**, para a remodelación de vivenda unifamiliar sita no Seixo A Praza nº 66, Santo André de Camporedondo.

1.- Condicións xerais:

En todo caso é de ter en conta que as licencias outórganse a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, polo que a Administración concedente non lle incumbe a acreditación da propiedade do solicitante, senón unicamente o acomodo á legalidade urbanística das obras ou actividades. Por outra banda, e segundo é xurisprudencia reiterada, a concesión da licenza levará implícito o condicionamento de acomodo da actividade á legalidade vixente e aplicable en cada caso, debendo acomodarse deste modo, non só os condicionamentos expresamente sinalados senón tamén ás normas de directa aplicación segundo a lexislación urbanística.

A licenza concédese con independencia doutro tipo de Autorizacións administrativas que foran procedentes.



De coñecerse o destino do local e tratarse este do exercicio dunha actividade sometida ó deber de previa obtención de licenza de apertura, por imperativo do disposto no Art. 22 do Regulamento de Servizos das Corporacións Locais e Art. 196.2 da LOUGA, en todo caso subordínase expresamente a concesión da licenza urbanística á obtención da correspondente licenza de apertura, de xeito que, se non se chegara a obter esta a anterior entenderíase non concedida. Xa que logo, a eficacia da licenza de obras condiciónase nestes casos á obtención da licenza de apertura preceptiva, non podendo comezarse as obras ata a concesión desta última.

Unha vez rematadas as obras deberá obterse a licenza de primeira ocupación, so pena da posibilidade de incoación de expediente de reposición de legalidade urbanística.

En lugar ben visible da obra colocará un cartel no que figurarán os nomes dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente. Colocarase por seguridade un valo protector.

Penalización: *O incumprimento das condicións fixadas dará lugar a apertura de expediente de protección da legalidade urbanística (artigo 209 e ss. da Lei 9/2002), sen prexuízo das sancións a que puidera haber lugar.*

Caducidade: *A caducidade será declarada pola Administración municipal logo do procedemento con audiencia do interesado.*

2.- Condicións particulares:

Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: *Remodelación de vivenda unifamiliar sita no Seixo A Praza nº 66, Santo André de Camporedondo.*

Contía na que se orzan as obras: *15.903,42 €.*

Situación e emprazamento das obras: *A Praza nº 66, Seixo, Santo André de Camporedondo.*

Nome ou razón social do promotor: *Concepción Lebosó Gómez.*

Director de Obra: *Don José Luis Rapela Pérez.*

Prazos: *O prazo de inicio das obras non poderá exceder de (6) meses e o prazo de remate de dous (2) anos, a contar dende o día seguinte ó de notificación da concesión da Licenza de Obras.*

Liquidación do ICIO: *Visto o orzamento estimado que figura no informe técnico e que ascende a 15.903,42 euros, practícase liquidación complementaria polo Sr. Interventor aos efectos do imposto de construcións, por importe de 413,49 euros.*

Importe execución material / coste da obra:	15.903,42 €
Importe do ICIO, 2,6% do apartado anterior (mín. 42€):	413,49 €
Aboado por autoliquidación:	320,49 €
Cantidade que deberá aboar adicionalmente:	93,00 €

OUTRAS CONDICIONS.-

As obras a realizar e que se recollen na nomeada documentación son as seguintes:

Debera dar cumprimento ao indicado na resolución da Comisión Territorial de Patrimonio Histórico de data 27/11/2015: Previo ao comezo das obras, deberán presentar proxecto completo corrixido, con tódolos documentos establecidos na lexislación e unha vez rematadas as obras, remitir fotografías do estado definitivo do inmovible.



Antes do inicio das obras deberá presentarse a folla de nomeamento do DIRECTOR DE EXECUCIÓN e do COORDINADOR DE SEGURIDADE E SAÚDE.

RESPECTO DA SEGURIDADE NA EXECUCIÓN DOS TRABALLOS:

Respecto da seguridade dos traballadores, adoptaranse as medidas mínimas de Seguridade e Saúde, recollidas na Ordenanza Laboral da Construción e demais normativa aplicable.

Manterase en todo momento a limpeza da vía pública.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.-

1.- Visto o expediente a nome de **DONA M^a MONSERRAT LOPEZ FERNANDEZ** con DNI nº 34.975.882-N, con domicilio na Rúa San Martiño nº 8, en Ribadavia, relativo á subvención para actuacións no 12º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na Praza Maior nº 2, 1º.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.600,00 euros, e do Instituto Galego de Vivenda e Solo por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

2.- Visto o expediente a nome de **DONA M^a LUISA LOPEZ FERNANDEZ** con DNI nº 34.951.378-A, con domicilio na Rúa San Martiño nº 8, en Ribadavia, relativo á subvención para actuacións no 12º Convenio de Actuacións na Área de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, na obra sita na Praza Maior nº 2, 2º.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe emitido dende a oficina de Rehabilitación do Casco Histórico de Ribadavia, por unanimidade, acorda prestar aprobación á certificación fin de obra e a proposta de subvención a cargo do Ministerio de Vivenda por importe de 6.600,00 euros, e do Instituto Galego de Vivenda e Solo por importe de 5.000,00 euros, xa que as obras foron executadas de acordo coa Ordenanza reguladora das actuacións de rehabilitación no ARI do Casco Histórico e o Convenio de Colaboración entre o I.G.V.S. e o Concello, remitindo o devandito expediente o Instituto Galego de Vivenda e Solo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

- De Aqualia, comunicando informe sobre verquido de Augas residuais en Ventosela.



- Da Secretaria Xeral Técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, comunicando a interposición de recurso contencioso-administrativo P.O. 4267/2015, interposto por Auto Industrial S.A..

- Da Directora da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de data 11.12.2015, comunicando resolución de renovación automática de aula CeMIT para o ano 2016.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

LIQUIDACION DE TAXA POLA OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS E CADEIRAS.-

A Xunta de goberno Local, por unanimidade, presta a aprobación as seguintes liquidacións:

1.- Da Taxa pola ocupación de terreos de uso público por mesas, cadeiras e elementos auxiliares con finalidade lucrativa, no mes de novembro 2015, por importe de 1.041 euros, de acordo coa liquidación feita pola Intervención e que se adxunta a esta Resolución.

ADXUDICACIÓN CONTRATO DE SUMINISTRO.-

Vista a tramitación da licitación do contrato menor de suministro de materiais de limpeza para o pabellón por importe de 3.500 euros como máximo, e comprobado que a empresa Darlim S.L. xa ten presentado a documentación exixida para celebración de contrato menor relativa a capacidade así como os certificados de estar o corrente coa S.S., Facenda estatal e autonómica, e comprobada a existencia de consignación presupuestaria mediante informe de intervención de data 27 de novembro de 2014.

No expediente constan os seguinte elementos:

1. Prego de cláusulas administrativas de data 17.11.2015.
2. Informe de Intervención de data 23.11.2015.
3. Ofertas presentadas polas empresas Kifort S.L. e Darlim S.L.
4. Informe do Director de Instalacións deportivas de data 10 de decembro de 2015, rexistro de entrada de data 11.12.2015 sobre as ofertas presentadas.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta o informe técnico obrante no expediente, por unanimidade dos seus asistentes, acorda adxudicar o contrato de suministro de materiais de limpeza para o pabellón, polo prazo dun ano, a empresa Darlim S.L, por un importe máximo de 3.500 euros, IVE incluído.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 4º TRIMESTRE DO 2015.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistente, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 4º trimestre do 2015, por importe de 49.712,60 euros, tarifa de depuración por importe de 9.634,54 euros, máis 5.947,69 euros de IVE, resultando un total de 65.294,83 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por



unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 4º trimestre do 2015, por importe de 19.073,25 euros, Canon de auga fixo da Xunta, por importe de 8.516,10 euros e Canon de auga variable da Xunta, por importe de 9.067,70 euros.- Asi mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como periodo cobratorio entre o 4 de xaneiro e o 17 de marzo de 2016”.

6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodia, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.